

Estimadas familias,

Debido ó alto número de consultas relacionadas coa COVID-19 tralo inicio do curso escolar, nos parece de utilidade facervos chegar esta recopilación das preguntas máis frecuentes coas que nos atopamos diariamente na consulta, por se puidera servos de utilidade:

- Se aparece meu fillo con algún síntoma ¿pode acudir á escola?

Igual que en anos anteriores, pero este ano dunha maneira máis estricta, ante a aparición de algún síntoma que puidera corresponder a algunha enfermidade infecciosa (tose, moco, febre, diarrea, vómitos, dor de cabeza, dor abdominal...), seu fillo non debería acudir á escola. Por un lado polo risco de contaxio ós outros nenos e por outro lado porque se o neno ten malestar vai estar máis comfortable e mellor vixiado na casa.

Sempre dentro do sentido común, se sabemos por exemplo que o noso fillo ten alerxia e é habitual que teña algo de moco, pode seguir facendo vida normal.

Por outro lado sabemos que o moco nasal non é un dos síntomas máis frecuentes na COVID-19, pero se o neno ten moito moco, vai ter que estar quitando a mascarilla continuamente para soarse, có risco que supón para el. Por outro lado o mesmo virus que a un neno lle produce só moco, a outro lle pode producir tamén febre ou tose, co cal xa se debería plantexar facer unha PCR a este outro neno, con todos os inconvenientes que plantexa (molestia da proba, conveniencia de illamento da familia ata recepción dos resultados...).

- Se meu fillo padece algún síntoma de enfermidade infecciosa ¿seus irmáns poden seguir acudindo á escola?

E convinte que os irmáns de nenos con síntomas que puideran corresponder a enfermidades infecciosas tamén permanezcan en domicilio polo menos ata ver como evoluciona o caso.

- Se meu fillo ten algún síntoma que puidera corresponder a unha enfermidade infecciosa ¿debo contactar có centro médico en todas as ocasións?

Se seu fillo presenta algún síntoma leve e aillado e presenta bo estado xeral pode permanecer en observación domiciliar sen contactar inicialmente có centro médico. Se a evolución non é favorable ou presenta algún síntoma que lle preocupe contacte có centro.

Como guía de síntomas, adxuntamos as recomendacións da Sociedade Española de Urxencias Pediátricas.

A consulta inicialmente será telefónica e se precisa dunha cita presencial se lle dará nesa mesma chamada.

- ¿Debo solicitar un informe para xustificar unha ausencia escolar?

Non se emitirán informes para xustificar as ausencias, será suficiente coa información proporcionada polos pais ó centro escolar.

- ¿Que pasa se aparece algún caso no centro escolar?

Neste caso, os pais deben comunicar o positivo ó centro, quen se porá en contacto coa Dirección Territorial de Saúde Pública para que nos indique as medidas a tomar.

- Os pais ou outros convivintes dun neno con síntomas, ¿poden acudir ó traballo ou deben quedar confinados en domicilio?

Se os síntomas son considerados polo pediatra como posible caso COVID e se solicita unha PCR, se recomenda a todos os convivintes quedar na casa ata resultado da PCR. Cada traballador o deberá comunicar á súa empresa, quen lle indicará as medidas a seguir.

Todas as persoas a quen se lles pida unha PCR deben quedar confinadas en domicilio ata o resultado da mesma, e tamén as persoas que teñan un resultado positivo nas probas. O incumprimento do aillamento pode levar á apertura dun expediente sancionador, coa conseguinte sanción económica.

- ¿Canto tempo debe permanecer confinado un caso positivo?

Nestes momentos a indicación é que permanezca en domicilio minimizando o contacto cós resto dos membros da familia (no caso dos nenos se recomenda manterse illado nunha habitación, se pode ser con baño propio, e contacto cun único cuidador, que non sexa persoa de risco de infección grave). Este illamento será de 10 días dende o inicio dos síntomas (ou dende o resultado da PCR nos casos asintomáticos), sempre que leve 3 días sen febre e sen síntomas.

- ¿Canto tempo debe permanecer confinado un caso sospeitoso por síntomas?

Ata resultado da PCR negativo e desaparición dos síntomas.

- ¿Canto tempo debe permanecer confinado un contacto estreito dun positivo?

En principio 10 días, aínda que haberá que seguir en cada caso as indicacións de Saúde Pública.

- ¿Debe permanecer confinado na casa ou na habitación?

Se recomenda illamento na habitación coas medidas hixiénicas adecuadas e cun só cuidador nos casos positivos ou nos casos en que se solicita unha PCR por síntomas. Se recomenda illamento na casa nos casos nos que se solicite PCR por contacto estreito.

- ¿Temos que facer algo nos contactos estreitos dos contactos?

Neste caso se fará vida normal, a non ser que este contacto se confirme positivo.

Estas recomendacións son cambiantes segundo as indicacións que nos vaian chegando dende Saúde Pública, e intentaremosilas actualizando puntualmente.

Por último transmitir unha mensaxe de tranquilidade, xa que nos últimos estudos se segue a confirmar que os nenos padecen unha enfermidade leve ou asintomática no 99% dos casos.

Saúdos e ánimos a todos,

Sonia Arias
Pediatra CS Arzúa

¿DEBO ACUDIR A URGENCIAS?

GUÍA RÁPIDA PARA PADRES Y CUIDADORES

LLAME AL 112 O ACUDA A URGENCIAS DE FORMA INMEDIATA SI:

PIEL	<p>Mala coloración (palidez, piel moteada, coloración azul o grisácea)</p> <p>Aparición súbita de: manchas en piel, hinchazón de labios o párpados (sospecha de alergia) con dificultad para respirar, vómitos o mareo</p>	RESPIRACIÓN	<p>Dificultad para respirar grave: se marcan las costillas, respira muy rápido o pausas en la respiración, adormilado</p> <p>Atragantamiento y dificultad para respirar o vómitos/salivación constante</p>
COMPORTAMIENTO	<p>No responde a estímulos</p> <p>Irritabilidad o somnolencia excesivas</p> <p>Movimientos anormales (convulsión)</p>	ACCIDENTES	<p>Herida profunda con sangrado abundante que no cede tras aplicar presión durante 10 minutos</p> <p>Fractura abierta (se ve el hueso)</p> <p>Golpe en la cabeza con pérdida de conocimiento</p>

ACUDA A URGENCIAS SI:

PIEL	<p>Manchas rojas en la piel que no desaparecen al presionar</p> <p>Aparición súbita de manchas en piel o hinchazón de labios o párpados sin otros síntomas</p>	RESP	<p>Dificultad para respirar: se marcan las costillas, respira rápido, "pitido" al respirar</p>
FIEBRE	<p>Bebé menor de 3 meses con fiebre ($T^a \geq 38^\circ\text{C}$)</p> <p>Fiebre que asocie cualquier ítem del apartado superior (piel, comportamiento, respiración)</p> <p>Fiebre de más de 40.5°C</p>	GASTROINTESTINAL	<p>Bebé menor de 1 mes que rechaza tomas de lactancia</p> <p>Vómitos persistentes o diarrea abundante y frecuente durante más de 24 horas, ojos hundidos, orina poco</p> <p>Vómitos repetidos y dolor de cabeza fuerte</p> <p>Ingesta de objeto, sobre todo pilas o imanes</p> <p>Dolor de barriga fuerte, continuo, que empeora</p>
COMPORTAMIENTO	<p>Mareo, pérdida de fuerza</p> <p>Expresa pensamientos suicidas</p>		
ACCIDENTES	<p>Traumatismo con deformidad aparente</p> <p>Herida profunda que precisa sutura</p>	<p>Ingesta de productos tóxicos o sobredosificación de medicamentos</p>	

NO URGENTE, PIDA CONSULTA EN SU PEDIATRA SI:

PIEL	Manchas en piel que desaparecen al presionar	RESP	Tos o mocos sin dificultad para respirar
FIEBRE	<p>Bebé entre 3 y 24 meses con $T^a > 39^\circ\text{C}$ sin datos de alarma (apartados superiores)</p> <p>Fiebre ($T^a > 38^\circ\text{C}$) durante más de 5 días</p>	GASTROINTESTINAL	<p>Vómitos y/o diarrea sin datos de alarma (apartado superior - gastrointestinal)</p> <p>Dolor de barriga no muy intenso que viene y va</p>
OTRO	Dolor de oído durante más de dos días Ojo rojo o picor ocular	<p>Más info en: www.seup.org/hojas-informativas/</p>	